

PADERNE

César Longo Queijo, Alcalde de Paderne e Vicepresidente do GDR Mariñas Betanzos, do GALP-Golfo Ártabro e da Reserva da Biosfera

"Paderne será pioneiro na comarca co viveiro de empresas e o espazo de coworking"

REDACCIÓN / Paderne

César Longo Queijo accedeu á Alcaldía de Paderne en 1999 e dende 2003 goberna con maioría absoluta. Neste mandato marcouse como un dos grandes obxectivos a creación de emprego para contribuir a fixar poboación.

-Entre os proxectos a curto prazo está a creación dun viveiro de empresas, como xurde esta idea?

-Un dos grandes problemas dos concellos rurais é a perda de poboación e temos claro que hai que sentar as bases para fixar poboación e tratar de medrar en número de habitantes. Para iso o Concello ten que crear as condicións básicas para que a xente invirta e poidan crearse postos de traballo. A partir desta idea e tendo en conta os recursos aos que Paderne ten acceso por formar parte do Grupo de Desenvolvemento Rural Agader, do Grupo de Acción Costeira GALP-Golfo Ártabro e da Reserva de Biosfera, que nos permiten acceder a fondos europeos, optamos pola creación dunha incubadora de emprego en Souto, en dous edificios de titularidade municipal que imos rehabilitar.

Temos unha horta privilexiada, un microclima do máis fértil, e unha ría co seu marisco que no seu tempo foi un centro de postos de traballo importante. Queremos recuperar isto. Sabemos que contamos con xente formada para poder facer cousas novas no sector da horta, con produtos ecolóxicos, biodinámicos, etc. e cremos que a ría pode volver a producir esas ameixas de primeira calidade de antano pero teremos que crear os medios.

-Como funcionaría esta incubadora de empresas e en que sectores se centraría?

-Nun dos edificios queremos centrar a parte agropecuaria e no outro as iniciativas emprendedoras que xurdan en torno ao mar. A idea é que os emprendedores, autónomos ou pequenas empresas, compartan os servizos pero ao mesmo tempo teñan infraestruturas diferenciadas para os que teñan ideas en produtos de horta ou viño, e para as iniciativas relacionadas coa ría, como a venda do marisco de primeira man. Para isto último, o primeiro é conseguir que a ría non sexa clase C, que a depuradora tan ansiada que nas directrices europeas estaba marcada para 2015 sea unha realidade. Unha vez que consigamos pasar a clase B buscaremos facer unha trazabilidade dos produtos da zona coa marca da Reserva da Biosfera.

-En que punto se atopa o proxecto e cando podería estar en marcha?

-Temos aprobada a reforma dos edificios cunha subvención do GALP Golfo Ártabro de 36.000 euros. Agora temos de prazo ata marzo



César Longo no seu despacho do Concello de Paderne

para solicitar a través do GALP o que pertence aos emprendedores do mar e a través do GDR o que pertence aos emprendedores da horta e viño Branco Lexítimo. Queda outra fonte de financiamento que é a Deputación. Presentaremos o plan ao Presidente, que sabemos da súa sensibilidade cara o emprego, para que nos bote unha man. E o Concello aportará a súa parte para que poidamos contar co viveiro nun prazo duns dous anos.

-Recentemente vostede, xunto cunha delegación do GDR, visitou Cataluña para captar ideas relacionadas co viveiro de empresas, que sacaron en claro?

-Vimos como funciona un viveiro de empresas de viño, recuperaron o viño autóctono cun resultado moi bo e é o modelo que nós queríamos copiar para o Branco Lexítimo. Pero, sobre todo, o que vimos foi que para outro tipo de actividades, sobre todo en emprendedores novos, funciona moi ben o "coworking". Así que imos facer un pequeno proxecto piloto na Escola de Souto para que emprendedores de diferentes actividades poidan ter un centro de traballo no que se coordinen entre eles e se axuden para poder traballar. Para iso só temos que dispoñer dende o Concello os medios técnicos: conexión de internet, teléfono, o básico para que nun período curto de tempo poida poñerse en marcha. Ubicárase no edificio da Escola de Souto que precisa só de reformas moi básicas. A Reserva da Biosfera e a Deputación asinou un convenio que se chama "A Biosfera emprende" e no que Paderne será o concello piloto. Neste sentido, Paderne vai ser pioneiro na comarca, tanto co viveiro de empresas como co espazo de "coworking".

-E existe demanda na zona para este novo proxecto?

-O primeiro que imos facer é dalo a coñecer aos mozos e mozas de entre 18 e 40 ou 45 anos. Para que saiban o que é, como o imos promocionar e

de que van dispoñer nese espazo. A primeira fase será dalo a coñecer aínda que xa se empezan a ver por aí exemplos de coworking aínda que non promocionados por unha administración pública.

-Neste ano que outros obxectivos ten en mente?

-Tratar de empezar coa posibilidade de ordear a nosa riqueza forestal. Queremos buscar a maneira de ordear o noso monte para que a riqueza forestal non se centre só no eucalipto senón que se recupere a arboleda autóctona. Creo que seríamos pioneiros e ímolo tentar. O monte ten a súa grande asignatura pendente que é a concentración parcelaria e imos buscar a colaboración da Xunta e da xente para ver se somos capaces de ordear esta riqueza que cremos que é importantísima. Non só polo aspecto económico senón porque somos conscientes de que a limpeza e o ordeamento dos montes nos protexe dos incendios que son un perigo real para a poboación. Iniciamos xa os contactos con expertos. Hai que planificar, reunir á xente, explicar mediante charlas, tratar de implicalos, que vexan que coa nova lei de montes, as distancias de plantación e a atomización de propiedades tan pequenas que temos, o ideal sería un ordeamento. O primeiro é que os expertos nos fagan un diagnóstico do noso territorio e despois expoñelo ante a Consellería de Medio Ambiente.

Por outro lado, temos que seguir incidindo na importancia da reciclaxe. É unha gran asignatura pendente. Somos todos conscientes de que o cambio climático nos está traendo esta seca e que estamos tendo problemas para dar servizo de auga potable e temos que darnos conta de que non chove e de que choverá menos no futuro e temos que incidir en dous aspectos: hai que xerar o menor lixo posible e reciclar o máximo posible, para tratar de frenar o cambio climático, e a auga temos que consumila dunha forma responsable. A través dunha subvención da Deputación e con fondos do Concello imos facer novas captacións para poder resistir secas futuras pero a concienciación é básica e hai que traballala día a día.